



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES

SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES

Exp: 2018000037260

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA REALIZAR INVESTIMENTOS CULTURAIS DURANTE O ANO 2019

D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno de 4 de xaneiro de 2019, foron aprobadas as Bases reguladoras do Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar investimentos culturais durante o ano 2019.

Visto tamén que as citadas Bases específicas foron publicadas no BOP número 5, do 8 de xaneiro de 2019.

RESOLVO:

1º. Aprobar a convocatoria do “Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar investimentos culturais durante o ano 2019”, de conformidade coas bases específicas aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de 4 de xaneiro de 2019.

2º. O Programa rexirase polas citadas Bases específicas, publicadas no BOP número 5, do 8 de xaneiro de 2019 http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2019/01/08/2019_0000000090.pdf que complementan ás Bases reguladoras xerais publicadas no BOP número 240 do 18 de decembro do 2018 http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2018/12/18/2018_0000009405.pdf

3º. O prazo de solicitude iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria, que se une como anexo a esta resolución, e rematará ás **14:00 horas do día 15 de febreiro de 2019**, tendo en conta que tanto as solicitudes como o resto da tramitación do Programa realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

4º. Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recurrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

**DIPUTACIÓN PROVINCIAL
DE A CORUÑA**

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES

SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES

Exp: 2018000037260

ANEXO**GALEGO**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria do “Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar investimentos culturais durante o ano 2019” (FO204/2019). O texto completo do programa pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios

A presente convocatoria vai dirixida a entidades de carácter cultural, sen ánimo de lucro, con domicilio fiscal na provincia da Coruña ou que acrediten que os investimentos obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial desta provincia. Modalidades do programa:

- A. Entidades de natureza cultural
- B. Entidades de natureza veciñal
- C. Entidades de natureza socioeducativa
- D. Entidades de natureza social e/ou asistencial

Quedan excluídas as entidades titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas e as fundacións da provincia da Coruña (que teñen o programa específico FO200); as corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de grande formato da provincia da Coruña (que teñen o programa específico FO214).

Como excepción ao establecido nas Bases reguladoras xerais, as entidades que opten por este programa poderán tamén solicitar subvención nos seguintes programas:

- FO203: Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar actividades culturais durante o ano 2019
- FO223: Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña durante o ano 2019

Segundo. Obxecto

As axudas económicas obxecto da presente convocatoria destinaranse á realización de investimentos culturais.

Terceiro. Bases reguladoras

O Programa rexírase polas Bases específicas, que foron publicadas BOP número 5, do 8 de xaneiro de 2019 http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2019/01/08/2019_0000000090.pdf que complementan ás Bases reguladoras xerais publicadas no BOP número 240 do 18 de decembro do 2018 http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2018/12/18/2018_0000009405.pdf



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES

SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES

Exp: 2018000037260

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 300.000,00 €, con cargo á partida 0612/3339/781 do Orzamento ordinario para 2019. As axudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 1.000,00 € e un máximo que varía en función da modalidade:

- A. Entidades de natureza cultural: 30.000 €
- B. Entidades de natureza veciñal: 10.000 €
- C. Entidades de natureza socioeducativa: 10.000 €
- D. Entidades de natureza social e/ou asistencial: 20.000 €

Quinto. Criterios de valoración

Os criterios de valoración das solicitudes son os establecidos na base 8 das Bases reguladoras específicas.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no BOP da Coruña, e rematará ás **14:00 horas do día 15 de febreiro de 2019**.

Sétimo. Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 30 de abril de 2020 ás 14.00 horas.

Para as subvencións que teñan concedida unha prórroga, o prazo de xustificación rematará o día 29 de maio de 2020 ás 14.00 horas.

Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

CASTELLANO

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del “Programa de subvenciones a las entidades sin ánimo de lucro para realizar inversiones culturales durante el año 2019”. El texto completo del programa puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

**DIPUTACIÓN PROVINCIAL
DE A CORUÑA**

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES

SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES

Exp: 2018000037260

Primero. Beneficiarios

La presente convocatoria va dirigida a las entidades de carácter cultural, sin ánimo de lucro, con domicilio fiscal en la provincia de A Coruña o que acrediten que las inversiones objeto de la subvención se realizarán en el ámbito territorial de esta provincia. Modalidades del programa:

- A. Entidades de naturaleza cultural
- B. Entidades de naturaleza veciñal
- C. Entidades de naturaleza socioeducativa
- D. Entidades de naturaleza social y/o asistencial

Quedan excluidas las entidades titulares de museos, centros de interpretación o bibliotecas y las fundaciones de la provincia de A Coruña (que tienen el programa específico FO200); las corales polifónicas, bandas de música populares, entidades de música y baile tradicional gallego y formaciones musicales de gran formato de la provincia de A Coruña (que tienen el programa específico FO214).

Como excepción al establecido en las Bases reguladoras generales, las entidades que opten por este programa podrán también solicitar subvención en los siguientes programas:

-FO203: Programa de subvenciones a entidades sin ánimo de lucro para realizar actividades culturales durante el año 2019

-FO223: Programa de subvenciones a entidades sin ánimo de lucro para el apoyo al desarrollo de festivales audiovisuales, musicales y de artes escénicas en la provincia de A Coruña durante el año 2019

Segundo. Objeto

Las ayudas económicas objeto de la presente convocatoria se destinarán a la realización de inversiones culturales.

Tercero. Bases reguladoras

El Programa se regirá por las Bases específicas, que fueron publicadas en el BOP número 5, del 8 enero de 2019 http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2019/01/08/2019_0000000090.pdf que complementan las Bases reguladoras generales publicadas en el BOP número 240 do 18 de decembro do 2018 disponibles en http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2018/12/18/2018_0000009405.pdf

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 300.000,00 €, con cargo a la partida 0612/3339/781 del Presupuesto ordinario para 2019. Las ayudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 1.000,00 € y un máximo que varía en función de la modalidad:



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES

SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES

Exp: 2018000037260

- A. Entidades de naturaleza cultural: 30.000 €
- B. Entidades de naturaleza vecinal: 10.000 €
- C. Entidades de naturaleza socioeducativa: 10.000 €
- D. Entidades de naturaleza social y/o asistencial: 20.000 €

Quinto. Criterios de valoración

Los criterios de valoración de las solicitudes son los establecidos en la base 8 de las Bases reguladoras específicas.

Sexto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de la convocatoria en el BOP de A Coruña, y terminará a las **14:00 horas del día 15 de febrero de 2019**.

Séptimo. Plazo de justificación

El plazo para la justificación de las subvenciones terminará el día 30 de abril de 2020 a las 14.00 horas.

Para las subvenciones que tengan concedida una prórroga, el plazo de justificación terminará el día 29 de mayo de 2020 a las 14.00 horas.

Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>